

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de setembro de 2022**

Ás 17.15 horas do día 21 de setembro de 2022, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Álvaro José Fernández López (substituído por dona Ana Patricia Torres Madureira) nin o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona Ana María Villarino Pardo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XULLO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xullo de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 20 de xullo de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE MUÍÑOS EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA DOMICILIARIA.

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aceptar a delegación efectuada polo Concello de Muíños a favor de Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 22 de xuño de 2022, das facultades que o Concello ten atribuídas en materia de recadación executiva da taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable, así como a revisión dos actos ditados, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Muíños, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza

fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, N.º 6/2022.-

O Sr. interventor expón o contido do expediente.

D. Bernardo Varela López, do BNG, reitera que o seu grupo non está de acordo coa fórmula que se emprega para outorgarlles subvencións aos concellos da provincia. Indica que as subvencións nominativas son un instrumento legal e poden existir, pero deben ter un carácter excepcional e non converterse na regra xeral, como ocorre nesta administración. Así, sinala que de todo o listado de concellos beneficiarios neste modificación de créditos só hai un que non está gobernado polo Partido Popular. Este mesmo criterio debe aplicárselles ás subvencións previstas para entidades e asociacións, xa que a regra xeral debe ser a de utilizar procedementos de concorrência. Por último solicita que se lle facilite máis información sobre a aplicación orzamentaria prevista para o macro proxecto de campos de fútbol, preguntando se se coñecen xa os concellos beneficiarios.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, volve insistir en argumentos similares aos do seu predecesor no uso a palabra. Sinala que a memoria xustificativa das subvencións incorporadas ao expediente di expresamente que a proposta de subvencións nominativas é o resultado de reunións mantidas polo grupo de goberno, dos resultados obtidos nos informes

do Observatorio Económico da provincia e das peticións realizadas polos diferentes concellos, indicando que se ben esta afirmación queda moi ben no papel, todos sabemos que non é así, que os criterios de reparto son outros e que moitas peticións de moitos concellos non son tidas en conta. Pregunta tamén polo destino da aplicación orzamentaria destinada ao macro proxecto de campos de fútbol, e aproveita para lembrar que hai campos de fútbol executados pola administración provincial, como o campo da Moreira en Xinzo de Limia, que non está tendo o mantemento que se indicaba nos pregos de contratación. Por último pregunta polo proxecto relativo a comunidades enerxéticas en 12 concellos da provincia, para obter máis información.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, indica que o macro proxecto de campos de fútbol está actualmente negociándose coa Xunta de Galicia, xa que sería un acordo de colaboración entre as dúas administracións e que espera que nuns días se poida xa indicar cales son os concellos beneficiarios. Respecto ao tema do mantemento dos campos de fútbol, sinala que a empresa que fixo as obras e que debería facer o mantemento crebrou, polo que se están buscando fórmulas alternativas para garantir o mantemento nos campos afectados. Sobre a solicitude información relativa á aplicación orzamentaria destinada ás comunidades enerxéticas sinala que é un plan piloto que se promove pola Alcaldía do Concello de Coles e no que vai ser beneficiario un concello de menos de 5.000 habitantes por cada comarca da provincia. Engade que no pleno informará de cales son estes concellos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención de DO (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 6/2022, baixo a modalidade de suplementos de créditos e da modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial, e para os que se exige competencia plenaria.

SUPLEMENTOS DE CREDITOS

Gastos en investimentos

APLICACION	DESCRICIÓN	IMPORTE €
432.11/627.11	Promoción do Turismo. Proxecto Fronteira Esquecida	111.874,00

450.12/762.01	Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións.	1.045.067,57
450.12/789.01	Cooperación provincial. Outras transf. A entidades	113.200,00
341.11/750.00	Promoción e fomento do deporte. A Xunta de Galicia	580.000,00 €
TOTAL, SC gastos en investimentos		1.850.141,57 €

Gastos correntes

APLICACION	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
334.20/462.03	Actividades culturais e recreativas. Ribadavia mostra internacional de Teatro	5.000,00
450.12/462.00	Cooperación provincial. A concellos	138.017,00
450.12/489.00	Cooperación provincial. Outras transferencias	747.450,00
450.12/227.06	Asistencias externas de 12 proxectos de enxeñaría para 12 concellos	100.000,00
920.14/220.02	Administración electrónica. Material informático non inventariable	100.000,00
912.11/226.02	Corporación provincial. Información e publicidade	260.000,00
912.11/227.06	Corporación provincial. Estudos e traballos técnicos	200.000,00
TOTAL, SC gastos correntes		1.550.467,00

RECURSOS

Transferencias de créditos da mesma área de gasto (Exp: 2022/12960 L)	192.500,00 €
Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	3.208.108,57 €
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	3.400.608,57 €

2º.- Nas bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense **procede concretar o capítulo IV e VII de gastos** que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións afectadas nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “ Cooperación Provincial. A Concellos”

Beneficiario	Finalidade	Importe
O Irixo	Festa céltica	20.000,00 €
Oimbra	Festa do pemento	11.017,00 €
Oimbra	Estudos arqueolóxicos	30.000,00 €
Riós	Proxecto piloto "Riós Cultural 21-22"	35.000,00 €
San Amaro	Festa Céltica	20.000,00 €
San Cristovo de Cea	Festa do Pan de Cea	10.000,00 €
Vilar de Santos	Gastos de funcionamento Museo da Limia	12.000,00 €
TOTAL 450.12/462.00 “ Cooperación provincial. A concellos”		138.017,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Merca	Mellora de firme valdoseixo	48.000,00 €
A Merca	Mellora seguridade viaria A Manchica	48.000,00 €
A Merca	Abastecemento e saneamento na Merca	48.000,00 €
Boborás	Pavimentación camiños de Sande , Salceda, Boborás , Gontelle, Fenteira e Sonelle-	48.000,00 €
Castrelo de Miño	Reparación capa rodaxe no camiño acceso Macendo desde OU-402	48.000,00€

Castrelo de Miño	Mantemento estrada do Couso ao Campo de Fútbol	48.000,00€
Castrelo de Miño	Reconstrución muros sostemento Igrexa en Souto de Castrelo e Vilela	48.000,00€
Castrelo de Miño	Reconstrución muros sostemento Igrexa Macendo e Tallón	48.000,00€
Cartelle	Arranxos sede Carlos Velo	75.000,00 €
Cartelle	Saneamento Couseliño	48.000,00 €
Castrelo do Val	Pavimentación rúa igrexa	48.000,00 €
Esgos	Arranxo na depuradora de Esgos	47.972,68 €
Gomesende	Arranxo Casal de Poulo	33.390,45 €
Padrenda	Reconstrución muro Pousafoles	48.000,00 €
Padrenda	Rede de abastecemento en A Pelas	48.000,00 €
Porqueira	Co financiación proxectos	96.062,17 €
Pereiro de Aguiar	Aldea modelo Reboredo	25.000,00 €
Pereiro de Aguiar	Caseta turismo Cachamuiña	25.000,00 €
Riós	Rehabilitación de edificación existente e ampliación en volume independente para uso de albergue turístico do Camiño de Santiago	11.208,86 €
Riós	Reparación de cuberta e acondicionamento interior do centro de Saúde	21.615,57 €
Riós	Muros Cortegada e Domez	48.000,00 €
Riós	Arranxo estrada Veiguiña-Valfarto	5.000,00 €
Riós	Mellora da eficiencia enerxética en edificios municipais	32.817,84 €
Toén	Proxecto de mellora de vías municipais	48.000,00 €
450.12/762.01 “ Cooperación Provincial. A Concellos. Subvenc.”		1.045.067,57 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/489.00 “ Cooperación Provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Eidos do Leboeiro	Convivencia entre comunidade universitaria de Galicia e Portugal	3.600,00 €
Asociación Emp. Gandeiros e agricultores da Limia (ADEGAL)	Gastos funcionamento	18.000,00 €
Asociación empresarios de Valdeorras (AEVA)	Gastos funcionamento e proxectos	50.000,00 €
Asociación Clube de Automobilismo Talariño-Vilar de Barrio	Organización proba deportiva	20.000,00 €
Banda de Gaitas de Xinzo de Limia	Asistencia ao XXXIV Festival Internacional de Gaitas de Atrakonice, Chequia	12.000,00 €
C. D. Arenteiro	Sponsorización da tempada 21-22	42.350,00 €
Caldaria	Gastos de aloxamento torneo Ourensanía fútbol sala 2022	18.000,00 €
CEO	Convenio Reactiva t	45.000,00 €
Club Atlético Arnoia	Gastos da tempada 21/22	18.000,00 €
Club Ciclist@s do Ribeiro	Gastos xerais	1.500,00 €
Club deportivo náutico de Castrelo de Miño	Convenio xestión, mantemento instalacións deportivas	50.000,00 €
CRDO "Monterrei"	Gastos de funcionamento e proxectos promocionais	45.000,00 €
Federación Comercio	Gastos funcionamento	25.000,00 €
Foro La Region	Gastos de organización	100.000,00 €
Fundación Blanco Amor	Gastos Funcionamento	25.000,00 €
Fundación Hospital Asilo Nosa Señora dos Anxos	Gastos de funcionamento	80.000,00 €
La Región	Organización e xestión dos concertos de Verán	20.000,00 €
Mancomunidade	Gastos Funcionamento	

Celanova		50.000,00 €
MEISA	Gastos de organización do Ciclo "Elas Cantan"	18.000,00 €
Ourense Club de fútbol	Esponsarización 22/23	50.000,00 €
Escudaría Barbadás	Gastos de organización Rallye Mix de Barbadás	6.000,00 €
Roberto Verino Difusión S.A.	Exposicións itinerantes	20.000,00 €
Ruta do Viño de Valdeorras	Gastos de funcionamento e proxectos	30.000,00 €
TOTAL 450.12/489.00 “ Cooperación provincial. Outras transferencias”		747.450,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/789.01 “ Cooperación Provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de familiares de Alzheimer de Ourense (AFAOR)	Adaptación vehículos	18.200,00 €
Asociación veciños Rebordechá (Xinzo de Limia)	Equipamento e reforma de local social	10.000,00 €
ASPANAS	Adquisición furgoneta e equipamento de centros	60.000,00 €
Coro Liceo de Ourense	Adquisición de uniformes	15.000,00 €
Diocese de Ourense	Reparación cuberta do Santuario de Couso (Muiños)	10.000,00 €
450.12/789.01 “ Cooperación Provincial. Outras transferencias”		113.200,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/750.00 “Promoción e fomento do deporte. A Xunta de Galicia”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Xunta de Galicia	Macro proxecto para campos de fútbol	580.000,00 €

341.11/750.00 “Promoción e fomento do deporte. A Xunta de Galicia”	580.000,00 €
---	---------------------

3º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2022:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos” prevíase unha subvención ao **Concello de Vilamarín** na MC 1/2022 para o “Funcionamento do museo etnográfico ” por importe de 20.000,00 euros.

Con base na solicitude formulada polo alcalde, o 18 de xullo de 2022, pola imperiosa necesidade de reformar a cuberta e outras obras interiores da Casa de Cultura, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención para o seguinte obxecto, **e a da aplicación orzamentaria** pasando **na mesma área de gasto ao cambio da clasificación económica**, solicitando a modificación da finalidade da subvención quedando da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Vilamarín	Reforma da cuberta e obras interiores varias da casa da cultura de Vilamarín	20.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		20.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións” prevíase unha subvención ao **Concello de Monterrei** na MC 1/2022 para a “ Execución da obra do local social en Sandín ” por importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude formulada polo alcalde, o 04 de agosto de 2022, solicita o cambio do obxecto desta, **acordándose neste expediente o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Monterrei	Urbanización do contorno do Outeiro Lama de Mazaira en Sandín	48.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		48.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións” prevíase unha subvención ao **Concello de Manzaneda** na MC 1/2022 para o “Complemento IDAE ” por importe de 29.000,00 euros.

Con base na solicitude formulada polo alcalde, o 27 de abril de 2022, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención para o seguinte obxecto, quedando da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Manzaneda	Aforro e eficiencia enerxética no alumado público en varios núcleos do concello	29.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		29.000,00 €

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2023

O Sr. interventor expón o contido do expediente.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que o orzamento que se presenta contempla un incremento de máis de cinco millóns de euros respecto ao do actual exercicio, pero que un 63% do orzamento se destina a gastos de persoal e correntes da Deputación Provincial. A partir de aí, sinala que non ve ningún reflexo do incremento deses máis de cinco millóns de

euros, xa que non se aumenta ningún dos programas de cooperación cos concellos, nin sequera o Plan provincial de obras e servizos. Sinala que o importe das subvencións nominativas previsto nas bases de execución do orzamento supera o importe da suma de todos os plans de cooperación, polo que manifesta que este é un dato moi significativo e que, aínda que o grupo de goberno non queira, é necesario que se debata sobre isto. Sinala que lle chama tamén a atención no orzamento presentado que hai importantes partidas destinadas ao servizo de recollida de lixo, cando hai uns meses se aprobou no pleno a externalización do servizo mediante a xestión indirecta. Manifesta que no ano 2019, cando comezou o mandato, e posto que o Partido Popular non tiña maioría absoluta, no Pleno se debateu sobre a posibilidade de que neste mandato se fose avanzando en modificar o sistema de reparto de subvencións aos concellos, incrementando os plans de cooperación e diminuindo o uso das subvencións nominativas, pero que cando estamos a menos dun ano de finalizar o mandato vemos que o grupo de goberno segue igual. Sinala que todos os concellos da provincia deben ser tidos en conta na elaboración do orzamento provincial e en condicións de igualdade, polo que o BNG presentará emendas a este orzamento que non comparte.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que o orzamento que presenta a Deputación é practicamente un calco dos presentados nos anos 2022, 2021 e 2020. Indica que a provincia de Ourense ocupa os últimos postos en índices como o da riqueza ou a evolución e os primeiros postos en índices como a perda de poboación e o envellecemento e que solucionar esta situación require o compromiso das diferentes administracións públicas e os orzamentos que presenta a Deputación desde logo non van solucionar esta grave problemática. Engade que ao grupo de goberno lle gusta moito falar de ourensanía, pero está claro que presenta uns orzamentos que non apoian a todos os concellos da provincia. Incide igualmente no excesivo uso que se fai das subvencións nominativas, para isto dá lectura a un parágrafo da memoria xustificativa, onde se di literalmente que “ante a complexidade das distintas temáticas presentadas, resultaría inviable realizar unha única convocatoria nun único prazo e en forma de concorrência competitiva”. Engade que isto é faltar á verdade, xa que hai outras deputacións que si o fan a través de procedementos de pública concorrência e con criterios obxectivos. Sinala que dun estudo do listado de subvencións nominativas aos concellos se deduce que hai 110 proxectos de concellos beneficiarios dos que 97 son gobernados polo PP (85% do total), 9 gobernados polo PSOE (9% do total), 2 polo BNG e 2 por outros partidos políticos. Engade que lle chaman poderosamente a atención as

porcentaxes destinadas aos concellos gobernados polo Partido Popular e aos gobernados polo PSOE, cando o total de poboación de concellos da provincia que teñen alcaldes destes dous partidos é moi similar e se sitúa en torno a 90.000 habitantes. Pregunta entón como pode haber esta diferenza no reparto de subvencións nominativas. Por último, e a medio ilustrativo, di que realizando un estudo por comarcas hai casos tan curiosos como a Comarca de Valdeorras, que ten 9 concellos e curiosamente Petín e O Barco, gobernados polo PSOE, non recibe ningunha subvención nominativa; a Comarca de Celanova, onde Vereá, Ramirás e Celanova, gobernados polo PSOE, non reciben nin un só euro neste concepto; ou na Comarca de Verín onde o concello que é cabeceira de comarca, gobernada polo PSOE, non recibe nin un euro e o concello limítrofe de Monterrei, gobernado polo Partido Popular, recibe máis de 300.000 euros.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, sinala que incrementos que se prevén no orzamento nos capítulos 1 e 2, relativos a gastos de persoal e gastos correntes, contemplan a previsible subida aos empregados públicos e aquelas outras que se consideran necesarias para o funcionamento dos diferentes servizos, matizando que respecto á externalización do servizo de recollida de lixo esta se vai facendo segundo os tempos que indican os técnicos da Deputación. Sinala que a comparación que se realiza continuamente polo Grupo Socialista coa Deputación de Pontevedra non son para nada oportunas, xa que se trata de dúas deputacións cun orzamento totalmente diferente e onde a tipoloxía dos concellos tamén é moi distinta. Por último, engade que moitas das peticións que non son atendidas nesta proposta de orzamento o serán na modificación de créditos que se realizará no primeiro trimestre de 2023.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que o posto que a Deputación incrementa os seus gastos correntes en máis de 1 millón de euros manteña nos plans provinciais para o ano 2023 a posibilidade de que os concellos dediquen eses ingresos tamén ao gasto corrente, xa que a situación que se avecina vai ser moi difícil. Engade que en todo caso a mellor solución sería incrementar o importe deste plan de cooperación para que os concellos poidan facerlles fronte aos gastos tan importantes que os concellos teñen en materia de enerxía, incremento de prezos de materiais ou incremento dos prezos da xestión de residuos. Volve insistir en que as outras tres deputacións de Galicia así o fan, mediante plans provinciais que reparten o diñeiro entre os concellos con criterios obxectivos e lembra que na Deputación de Lugo así se aprobou a iniciativa do Partido Popular. Engade que como xa manifestou no Consello Reitor do INORDE e posto que o 95% dos ingresos deste organismo son transferencias da propia

Deputación, este organismo carece de sentido como tal e as súas funcións deberían ser asumidas pola propia Deputación.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que o lóxico sería que os concellos da provincia soubesen a principios de ano o diñeiro do que van dispoñer por parte da Deputación, como sucede noutras provincias. Pregunta por que se esta Deputación ten que aumentar os seus capítulos 1 e 2 de gastos correntes non incrementa a partida destinada á cooperación cos concellos. Por último, indica que na Deputación existe persoal técnico que sen dúbida podería facer procedementos de concorrência aos que poderían optar todos os concellos, pero que o orzamento que se presenta reparte as subvencións unicamente con base en criterios políticos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, contesta que el tamén espera que a achega dos plans provinciais da Deputación poida ser destinada a gasto corrente polos concellos, pero que iso se decidirá cando se elaboren estes. Engade que os concellos da provincia tamén saben do diñeiro de que dispoñen, xa que a Deputación presenta o seus orzamentos en tempo e forma, e respecto aos ingresos do INORDE sinala que non se contemplan moitos proxectos europeos que se presentaron ata que se teña a certeza de que se é beneficiario deles.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (3) e a abstención de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2023, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	35.291.531,98 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	23.010.727,34 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	329.750,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	14.084.262,03 €
Capítulo 5.- Fondo de consistencia	300.000,00 €
Capítulo 6.- Inversións reais	11.622.137,61 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	5.329.390,64 €

Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	702.200,40 €
Total gastos	90.970.000,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 1.- Impuestos directos	5.000.000,00 €
Capítulo 2.- Impuestos indirectos	4.532.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.993.379,48 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	75.720.184,67 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	165.212,00 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	238.223,85 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Total ingresos	90.970.000,00 €

B) INORDE:

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	1.285.120,79 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	636.945,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	250.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia	12.851,21 €
Capítulo 6.- Inwestimentos reais	117.180,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	5.000,00 €
Total gastos	2.307.097,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.020,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	2.294.766,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	5.311,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	0,00 €

Capítulo 8.- Activos financeiros	5.000,00 €
Total ingresos	2.307.097,00 €

2º.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co artigo 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986.

4º.- De acordo co artigo 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ao público, logo de anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se realizan.

E, ás 18.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.